



CONCELLO DA CAPELA

TORNEO POLIDEPORTIVO DE VERÁN

Do 22 ao 27 de Agosto de 2.011

A. NORMAS XERAIS

Descríbese a continuación o xeito de participación neste torneo polideportivo de carácter lúdico e participativo

1. ORGANIZACIÓN

1.1. Esta competición está organizada polo Concello de A Capela, a través da Concellaría de Deportes e Xuventude.

1.2. A información, inscricións e resultados realizaranse na casa do Concello, publicándose tamén na súa web. As datas dispostas para a inscrición son do 5 ao 18 de Agosto, publicando o 19 os emparellamentos e calendarios de xogo.

2. PARTICIPACIÓN

2.1. A participación é por equipos, mínimo de 5 persoas e ata 8 como máximo. Poderán participar equipos formados por persoas maiores de 14 anos, e sempre de carácter mixto: como mínimo haberá 2 persoas de cada sexo na plantilla, e como mínimo 1 de cada sexo xogando. Os equipos non poderán realizar cambios nos seus integrantes logo de pechado o período de inscrición.

2.2. O número mínimo de xogadores por equipo para iniciarse un partido será de cinco (5). En caso de que un equipo se presente con menor nº de xogadores daráselle por perdido.

2.3. En cada equipo nomearase un responsable, portavoz ou capitán ao cal poder dirixirse para comunicar novas referentes á competición.

3. MODALIDADES DEPORTIVAS

3.1. O torneo constará de 4 deportes: waterpolo, fútbol sala, baloncesto e palas. Todos os equipos participantes deberán xogar a todas as modalidades

3.2. O xeito de competición será en formato liga ou “todos contra todos”, decidindo os emparellamentos por sorteo logo de pechar as inscricións

4. DATAS E LUGARES DE XOGO

4.1. O torneo celebrarase na semana do 22 ao 27 de Agosto, en xornada de mañá. A entrega de trofeos realizarase o 28 de Agosto en horario a determinar.

4.2. Os lugares de xogos serán a pista polideportiva de Sande para o fútbol sala e o baloncesto e a Piscina Municipal para o waterpolo e as palas. En caso de choiva utilizarase como instalación cuberta o Pavillón dos Calzados.



B. REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN

As seguintes indicacións son específicas para cada deporte, respectando no posible o regulamento oficial aínda que podendo adaptar espazos, tempos ou nº de xogadores para simplificar o desenvolvemento do xogo. De xeito detaiado, as normas de competición de cada deporte son:

5. WATERPOLO

Usarase de referencia o regulamento da RFE de Natación, puntualizado do seguinte xeito:

- O campo de xogo marcarase na zona pouco profunda da Piscina da Capela (1,20 m aprox. De profundidade), nun espazo de 16 x 12 metros aproximadamente.
- Xogarán 5 persoas por equipo en 2 partes de 15' a tempo corrido e 5' de descanso. Cada equipo conta con 30" de posesión para xogar o balón e procurar o gol.
- Marcarase gol con calquera parte do corpo excepto co puño pechado; a pelota deberá de ser tocada como mínimo por 2 persoas (rivais ou compañeiros) para que o gol sexa válido
- Haberá saque de corner unicamente cando a pelota sexa desviada polo porteiro.
- As faltas realizadas provocan tiro libre ou penalti (a menos de 3 m. Da portería); será falta cando: se use o borde da piscina para propulsarse; se afunda a pelota; se afunda a un rival; se agarre ou empurre a un rival sen balón; se salpique intencionadamente á cara do rival.
- As faltas graves ou reiteradas poden provocar a expulsión do xogador.
- Para o resto de incidencias de xogo, consultar o citado Regulamento.

6. FÚTBOL SALA

Usarase de referencia o regulamento da RFE de Fútbol, puntualizado do seguinte xeito:

- Xogarán 5 persoas por equipo en 2 partes de 15' a tempo corrido e 5' de descanso.
- As faltas graves ou reiteradas poden provocar a expulsión do xogador.
- Para o resto de incidencias de xogo, consultar o citado Regulamento.

7. BALONCESTO

Usarase de referencia o regulamento da FE de Baloncesto, puntualizado do seguinte xeito:

- Xogarán 5 persoas por equipo en 2 partes de 15' a tempo corrido e 5' de descanso.
- As regras de manexo e xogo máis salientables son:
 - a) Falta personal: Calquera contacto cun xogador contrario se sanciona con falta personal. Si o xogador se atopa lanzando a canastra, a falta se sanciona con dous



tiros libres; si non estaba lanzando se sanciona con saque de banda a favor do equipo que recibiu a falta.

b) Pasos: cando un xogador camiña ou corre sin botar o balón ou o fai coas dúas mans

c) Dobres: Cando un xogador bota a pelota, a colle e a volta a botar; cando un xogador salta coa pelota e non a solta; ou ben cando realiza máis dun bote coas dúas mans.

d) Campo atrás: Cando o equipo que ataca supera o medio campo, non pode volver hacia o seu campo.

e) Regra dos tres segundos: ningún xogador atacante pode estar máis de tres segundos dentro da zona de canastra do equipo rival.

f) Regra dos 24 segundos: O equipo atacante dispón de 24 segundos para realizar un lanzamento a canastra.

- As faltas graves ou reiteradas poden provocar a expulsión do xogador.
- Para o resto de incidencias de xogo, consultar o citado Regulamento.

8. PALAS

O obxectivo do xogo é pasar a pelota por derriba da rede para tentar que caia no campo contrario. Userase de referencia o regulamento da RFE de Tenis adaptado ao tenis-praia (o máis parecido ás palas), puntualizado do seguinte xeito:

- O campo de xogo será de 10x5 metros, dividido por unha rede central colocada a 1,75 m. De altura.
- O partido divídese en 3 sets de 11 puntos cada un, e en caso de chegar; xogarán 2 persoas por equipo en cada un dos sets, podendo repetir parella nun deles. Gañará o equipo que se adxudique dous sets.
- **Reglas básicas do xogo:**
 - Cada xogador solo poderá dar un toque á pelota.
 - Non pode dar bote, xa que será punto ou recuperación de saque do contrario.
 - Se saca dende un vértice do campo rectangular sempre por debaixo da cintura, e no saque non poderá dar na rede, senón recupera saque o contrario. O saque realizarase de xeito alternativo en cada membro da parella, cambiando cando recuperen o saque.
 - Para puntuar hai que ter recuperado o saque anteriormente e volver a puntuar.
 - Non se pode pasar a raqueta da rede ao campo contrario: será infiltración e será penalizado con recuperación de saque ou punto.
 - Si da na raia, contarase como dentro do campo.
 - Si o xogador golpea a pelota con calquera parte do corpo que non sexa a raqueta, será punto o recuperación para o xogador contrario.



CONCELLO DA CAPELA

TORNEO POLIDEPORTIVO DE VERÁN

Do 22 ao 27 de Agosto de 2.011

9. PUNTUACIÓN

A puntuación dos partidos será:

Partido gañado: 3 puntos

Partido empatado: 1 punto

Partido perdido: 0 puntos

10. CLASIFICACIÓN FINAL

10.1. A clasificación final obterase de la suma de los puntos obtidos en cada un dos partidos.

10.2. En caso de empate, decidirase por nº de partidos gañados; se persiste, farase por goles anotados/recibidos no waterpolo e fútbol sala

11. SANCIONS

11.1. Habará un COMITÉ DE COMPETICIÓN que velará polo cumprimento das normas de xogo e comportamento cívico. Poderase decidir a expulsión dun xogador ou mesmo do seu equipo se a gravidade das accións así o requiran.

12. NORMAS ADICIONAIS

12.1. Os horarios serán os estipulados pola Organización; calquera cambio ten que ser acordado por ambos equipos con antelación. Respectarase un máximo de 15 minutos de desviación co horario acordado, dando por perdido calquera retraso maior desa marxe.

12.2. Material e indumentaria: o material de xogo será aportado pola Organización; o vestiario deberá de ser apropiado para a práctica deportiva e uniforme en cada equipo (usando mesmas cores). No caso de coincidencia coa cor de camiseta entre ambos equipos, a Organización proporcionará petos distintivos a un deles.

12.3. O Concello de A Capela declina toda responsabilidade de danos materiais e/ou lesións que puideran causarse nos participantes no transcurso do Campionato e con motivo de lances de xogo, responsabilizándose estes de contar con seguro médico apropiado. Para o resto de incidencias cóntase cun seguro de Responsabilidade Civil que cubra posibles danos ou perxuizos.

12.4. A inscrición na presente competición ASUME A ACEPTACIÓN DO PRESENTE REGULAMENTO